

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2023/3

DATA: xoves 23 de febreiro de 2023

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:05 h

HORA DE REMATE: 22:27h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
JOSÉ VÁZQUEZ GONZÁLEZ
RAQUEL GARCIA ABUIN
TOBIAS BETANZOS REGO
PP
ALICIA CAROU ROMERO
PSdeG-PSOE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
Rianxo en Común-SON
JULIO ALCALDE HERMO
JULIÁN BUSTELO ABUIN
Ciudadanos
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

BNG
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
PP
GERMAN ALLUT VIDAL
MARIANO JOSÉ MOARES RIAL
PSdeG-PSOE
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ

ORDE DO DÍA

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 498.937 exp. 2023/G010/000003

1. APROBACIÓN ACTA Nº 1/2023 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 26/01/2023
2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA DP-3301
3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á EXECUCIÓN DE MELLORAS NO CENTRO CULTURAL DE TARAGOÑA
4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á RECUPERACIÓN DE FINCAS ABANDONADAS
5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: RELATIVA Á LOITAR CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA
6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG APOIO Á ILP SOBRE MEDIDAS URXENTE PARA RECUPERAR E FORTALECER A ATENCIÓN PRIMARIA
7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG IMPULSO DE MEDIDAS ENCAMIÑADAS A BLINDAR, GARANTIR E DEFENDER OS DEREITOS DAS MULLERES ASÍ COMO PROMOVER A IGUALDADE REAL ENTRE MULLERES E HOMES EN GALICIA
8. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
9. DACIÓN DE CONTA DA FORMALIZACIÓN DA CESIÓN GRATUÍTA DUNHA PARCELA DO PARQUE EMPRESARIAL DE RIANXO A FAVOR DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
10. ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2023/G010/000003 e identificado pola pegada dixital:

51854c4ffaff65b10cc70de16bb4f4a61abb5061ac61a38acc72b1ee495c0c04

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=zvOTwUmP18k>

ACORDOS

PARTE RESOLUTIVA

1 APROBACIÓN ACTA Nº 1/2023 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 26/01/2023

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 1/2023 de 26/01/2023.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 26/01/2023, Acta nº 1/2023.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 12 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

2 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA DP-3301

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA DP-3301 sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 12 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada DP-330, a cal atravesa en sentido leste-oeste a parroquia de Leiro, une os principais núcleos desta parroquia: as aldeas de Meiquiz, Rial e Rañó - onde está a igrexa parroquial, o cemiterio e o Centro Cultural Vicente Vidal - cos núcleos de Abuín e Brión - onde está a escola unitaria -.

Porén, a dita estrada carece de beirarrúas en boa parte do seu percorrido entre os núcleos citados polo que, dado que nalgún punto apenas existe espazo entre o límite da estrada e os noiros dos seus laterais, o tránsito peonil entre eles resulta perigoso.

Coa finalidade de favorecer o tránsito peonil entre os núcleos citados da parroquia de Leiro, o Grupo Municipal de Rianxo en Común propónlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1. Instar á Deputación da Coruña, a dotar de beirarrúas a DP-3301.

Ábrese unha quenda de debate:

O grupo municipal do BNG propón engadir unha enmenda transaccional co seguinte contido nos acordos dado que por Meiquiz non pasa a DP-3301 :

1. Instar á Deputación da Coruña a dotar de beiraruas os seguintes tramos :

- Cruce Bures -Seragal DP 7202
- Abuin -Raño DP-3301.
- Punta Palleiro-Rial DP 3301

2. Instar a deputación da Coruña a facer Ponte-Quintans DP 3301

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 12 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta coa seguinte enmenda:

PRIMEIRO:

Instar á Deputación da Coruña a dotar de beiraruas os seguintes tramos :

- Cruce Bures -Seragal DP 7202
- Abuin -Raño DP-3301.
- Punta Palleiro-Rial DP 3301

SEGUNDO:

Instar a deputación da Coruña a facer Ponte-Quintans DP 3301

3 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á EXECUCIÓN DE MELLORAS NO CENTRO CULTURAL DE TARAGOÑA

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á EXECUCIÓN DE MELLORAS NO CENTRO CULTURAL DE TARAGOÑA sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á

sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 12 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O patio da escola unitaria de Cruceiro sofre continuamente as consecuencias do mal estado do edificio que alberga a dita escola. Así, os recentes temporais fixeron que se desprenderan multitude de tellas do tellado e que mesmo se desprenderan fragmentos do cano que recolle as augas do tellado, os cales permanecen no dito patio.

Se ben non esquecemos que hai pendente un proxecto para unha reforma máis integral do inmobile, tampouco se nos escapa que a execución dese tipo de proxectos soe adocer dun importante retraso dende que se acorda a súa realización. Ademais, o patio presenta outras problemáticas que non teñen que ver co inmobile e dos que o Goberno municipal é coñecedor.

Así, coa finalidade de garantir a seguridade dos rapaces e rapazas usuarias do patio da escola, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ao Pleno da Corporación, como fai dous anos, a adopción do seguinte acordo:

1. Estudar a execución das actuacións urxentes que son necesarias para garantir a seguridade no patio da escola unitaria de Cruceiro.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 12 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

4 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á RECUPERACIÓN DE FINCAS ABANDONADAS

Ausentase a concelleira Rosa Ana Garcia Figueira

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á RECUPERACIÓN DE FINCAS ABANDONADAS** sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso

aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por dúas veces propuxemos neste Pleno, sen éxito, a adopción dunha medida para nós fundamental en relación a frear o crecente abandono de fincas cultivables no noso municipio, é dicir, a creación dunha liña de axudas para que as persoas titulares de fincas con cultivos destinados ao autoconsumo poidan instalar dispositivos de prevención contra os ataques da fauna salvaxe.

Tamén sen éxito, trouxemos unha medida destinada a favorecer o agrupamento de terras para incentivar o seu aproveitamento e facilitar a instalación dese tipo de dispositivos, a través do fomento das permutas entre particulares subvencionando parte dos gastos notariais.

Máis éxito tivemos en relación a iniciativa destinada a que o Concello de Rianxo subvencione a repoboación, con especies frondosas, de terreos forestais de titularidade particular. Porén, aínda que efectivamente a proposta contou co respaldo do Pleno, a día de hoxe aínda non vimos avance algún na cuestión.

Coa mirada posta en buscar o consenso dos grupos políticos con representación municipal neste Pleno, presentamos desta volta unha batería de medidas co obxectivo último de acadar a meta que aqueloutras propostas tiñan, frear o abandono de terras cultivables no noso municipio.

Os cambios no modo de vida foron facendo que en boa medida se abandonase o agro pero permaneceran – aínda permanecen pero cada vez menos – pequenos cultivos en torno ás aldeas. Estes tiñan a súa importancia na economía das familias, máis tamén favorecían que sentíramos que vivíamos nun entorno máis humanizado e facilitaban a existencia, en torno ás aldeas, de unha especie de aneis libres da vexetación propia dos montes.

Se ben non é a única razón que explica o abandono, a multiplicación dos exemplares de xabariño no entorno dos núcleos fixo que se acelerase o abandono destes cultivos, chegando a situacións como as actuais nas que atopamos aldeas completamente rodeadas de vexetación arbórea e arbustiva, co perigo que iso supón, especialmente nos meses de estío.

Para nós, este é un dos problemas fundamentais que a día de hoxe está favorecendo o abandono de terras e, en consecuencia, debería ser tamén o primeiro que se atallara. Somos perfectamente conscientes de que a responsabilidade en relación a esta cuestión recae na Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, e a ela nos diriximos, como tamén temos feito, para que atenda unha das problemáticas máis apremiantes do rural galego. Porén, queremos ir un pouco máis alá e con

esa mesma finalidade pensamos que debemos tentar traballar de maneira conxunta, os municipios da comarca, que encabezados polos Alcaldes poderíamos esixirle á Xunta de Galicia que asuma a responsabilidade civil subsidiaria polos danos causados polo xabaril, indemnizando de xeito diligente tamén nos casos en que os cultivos non son a actividade principal do titular dos mesmos.

Debemos tentar artellar un programa de actuación municipal para frear o abandono de terras e mesmo, de ser necesario, atender as problemáticas que as institucións competentes non atenden, como tamén lamentablemente se fai en relación a outras temáticas.

Así pois propoñemos a constitución dun Consello Municipal de Medio Ambiente e Recursos Naturais, con participación dos grupos políticos con representación na Corporación Municipal, mais tamén con representación das diferentes comunidades de montes existentes no municipio, asociacións de veciños, así como outras entidades que teñen entre as súas función a defensa do noso medio natural (Plataforma pola Defensa do Monte, Fousas ao Monte, ...).

Canda as anteriores, propoñemos tamén a posta en funcionamento dunha campaña de posta en valor do autoconsumo e dos produtos da horta, os cales non só supoñen unha alternativa saudable senón que tamén poden supoñer unha maneira de combater a dependencia das grandes cadeas de distribución de produtos de alimentación e o seu prezo no actual contexto de inflación.

A tal fin, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Dar os pasos necesarios para constituír unha fronte común dos Alcaldes dos municipios barbazáns a efectos de esixirle á Xunta de Galicia que asuma a responsabilidade civil subsidiaria polos danos causados polo xabaril nos respectivos municipios.
2. Instar á Xunta de Galicia a que, dunha vez por todas, realice un censo da poboación do xabaril e elabore un Plan de Xestión da especie a efectos de garantir poder seguir cos pequenos cultivos de labranza como actividade complementaria.
3. Dar os pasos necesarios para constituír o Consello Municipal de Medio Ambiente e Recursos Naturais e redactar o seu regulamento de funcionamento.
4. Promover unha campaña de posta en valor dos cultivos de autoconsumo, e estudar o xeito de apoiar á súa comercialización favorecendo, por exemplo, o uso de postos do mercado municipal de xeito non continuo pero en datas sinaladas que puideran coincidir co mercado ambulante, ou calquera outras que se xulgaran convenientes.

Incorporase a sesión a concelleira Rosa Ana García Figueira

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O GRUPO DO BNG propón introducir unha enmenda no primeiro punto” e acudir a Fegamp para esixirlle “ quedando redactado :

1. Dar os pasos necesarios para constituír unha fronte común dos Alcaldes dos municipios barbanzáns e acudir a Fegamp para esixirlle a Xunta de Galicia que asuma a responsabilidade civil subsidiaria polos danos causados polo xabaril nos respectivos municipios

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 2 dos 2 membros do grupo REC), cero votos en contra e dúas abstencións (1 do grupo PP e 1 do grupo cidadanos) dos 12 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA a proposta coa seguinte emmenda:

1. Dar os pasos necesarios para constituír unha fronte común dos Alcaldes dos municipios barbanzáns e acudir a Fegamp para esixirlle a Xunta de Galicia que asuma a responsabilidade civil subsidiaria polos danos causados polo xabaril nos respectivos municipios
2. Instar á Xunta de Galicia a que, dunha vez por todas, realice un censo da poboación do xabaril e elabore un Plan de Xestión da especie a efectos de garantir poder seguir cos pequenos cultivos de labranza como actividade complementaria.
3. Dar os pasos necesarios para constituír o Consello Municipal de Medio Ambiente e Recursos Naturais e redactar o seu regulamento de funcionamento.
4. Promover unha campaña de posta en valor dos cultivos de autoconsumo, e estudar o xeito de apoiar á súa comercialización favorecendo, por exemplo, o uso de postos do mercado municipal de xeito non continuo pero en datas sinaladas que puideran coincidir co mercado ambulante, ou calquera outras que se xulgaran convenientes.

5 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: RELATIVA Á LOITAR CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: RELATIVA Á LOITAR CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 12 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O envellecemento da poboación é hoxe un grave problema no conxunto do país, sendo Galicia a segunda comunidade máis envellecida con Ourense e Lugo como provincias destacadas dentro deste ranking. Por darlle contexto á situación que estamos vivindo, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, no ano 2000 en Galicia vivían 388.154 persoas maiores de 70 anos, é dicir, un 14,21% do total da poboación tiña máis de 70 anos. No ano 2022 en Galicia vivían 533.091 persoas maiores de 70 anos, ou o que é o mesmo, un 19,81% do total poboacional superaba esa idade indicada.

Se poñemos o foco no que a nós nos atinxe, no Concello de Rianxo, vemos como tamén se dou ese incremento poboacional e que mesmo superamos as previsións que o dito instituto facía para o conxunto da comarca no ano 2012.

Daquela, o Instituto Galego de Estatística prevía que no ano 20221 o índice de envellecemento se situara no Barbanza nun 121,6%, e vaticinaba que o índice de sobreenvellecemento se situaría nun 17,5%. A realidade, porén, foi un chisco peor no noso municipio. Situándose no ano 2021 o índice de envellecemento en 171,99% e o índice de sobreenvellecemento en 18,26%. Cómpre ter en conta, ademais, que o Concello de Rianxo vén rexistrando nos últimos anos unha idade media superior á do resto de municipios da comarca.

A isto haille que sumar o feito de que máis do 50% dos fogares unipersoais están ocupados, no conxunto do país, por persoas de máis de 65 anos.

Estamos polo tanto nun contexto propicio para que a soidade non desexada se espalle entre a nosa poboación, polo que debemos de tomar cartas no asunto coa finalidade de evitar, na medida do posible, que os problemas que de derivan desta afecten á nosa veciñanza. A soidade defínese como “unha condición psicolóxica debilitante caracterizada por unha profunda sensación de baleiro, inutilidade, falta de control e ameaza persoal.

Diferentes estudos constatan que, se ben a soidade non desexada e o illamento social inciden en todas as etapas da vida, agudízanse notablemente durante a vellez, ocasionando un impacto directo e negativo sobre a saúde e o benestar das persoas que a padecen.

Os factores que inciden no sentimento de soidade son varios e de diferente natureza: intrapersoais (personalidade, expectativas, etc.), acontecementos vitais (perda dos seres queridos, xubilación, etc.), estruturais (condicións da vivenda, accesibilidade, etc.), recursos e servizos, existencia de relacións, participación social, etc.

Recentemente a Xunta de Goberno da FEMP aprobou a que se deu en chamar “Declaración dos Gobernos Locais en apoio das actuacións que abordan a soidade non desexada”. Nesta Declaración, e coa finalidade de concretar o seu traballo nesta materia, a FEMP, en colaboración co conxunto das Entidades Locais, indica que desenvolverá a súa labor en tres direccións prioritarias:

1. “A FEMP apoiará o desenvolvemento de estudos e investigacións sobre a soidade non desexada. O bagaxe acumulada pola intervención social nos últimos anos abríganos a que calquera intervención teña como horizonte de traballo que as súas actuacións estean avaladas pola evidencia científica e por unha aposta pola calidade.

A FEMP promoverá o traballo con universidades, centros de investigación e servizos estatísticos co fin de coñecer como impactan os factores que conducen a situación de soidade non desexada consideradas graves. Ter un maior coñecemento das cousas e das formas da soidade ten que ser o punto de partida dunhas intervencións locais eficaces.

2. A FEMP promoverá unha maior coordinación entre o conxunto das Administración que abordan as situacións de soidade non desexada e fomentará que as actuacións locais incorporen os seguintes enfoques:

- a. Atención centrada na persoa e na comunidade.
- b. Sostibilidade dos programas e iniciativas, que deberán contemplar mecanismos de seguimento e avaliación.
- c. Aposta pola prevención, mediante o fomento da convivencia cidadá e dos lazos de colaboración no seo das comunidades.
- d. Aposta pola transversalidade, como condición para facilitar o esforzo conxunto das distintas áreas das Entidades Locais.
- e. Fomento do intercambio de boas prácticas.

3. A FEMP promoverá a colaboración co tecido asociativo dos pobos e cidades, en particular coas organizacións sociais que veciñais que traballan en relación á soidade non desexada. Neste senso, a firma dun convenio de colaboración entre a FEMP e a Rede Soidades o pasado 26 de outubro creou un marco de encontro para intercambiar boas prácticas e iniciativas de formación e sensibilización.

En base ao exposto, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ao Pleno da Corporación do Concello de Rianxo a adopción dos seguintes acordos:

1. Que o Concello de Rianxo se adhira á Declaración dos Gobernos Locais en apoio das actuacións que abordan a soidade non desexada aprobado pola Xunta de Goberno Local da FEMP o 29 de novembro de 2022.

2. Que o Concello de Rianxo impulse e poña en marcha, entre outras, as seguintes medidas para abordar a soidade non desexada:

- a. Realización dun censo de persoas que viven soas, co propósito de coñecer a súa situación. A inclusión dos veciños e veciñas do dito censo ten que ser voluntaria, mais o Concello debe incidir na necesidade de participar no mesmo.
- b. Ofrecer información as persoas incluídas no censo de actividades lúdicas que poidan ser do seu interese (moitas veces pola dificultade das persoas maiores de acceder ás novas tecnoloxías poden descoñecer a existencia de actividades do seu interese).
- c. Ampliar a oferta de ocio a persoas maiores, especialmente nas parroquias (moitas delas non se poden desprazar á vila) poñendo o foco especialmente nas actividades destinadas á promoción de condutas saudables de saúde psicosocial, fomento da actividade física e mantemento activo das capacidades cognitivas.
- d. Ampliar a rede de transporte a pola tarde?
- e. Crear, a partir da apertura dun diálogo coas asociacións veciñas e culturais do municipio, unha Rede de axuda e acompañamento coa finalidade de incorporar ás persoas maiores ás actividades que ofrecer e detectar casos de extrema vulnerabilidade ou risco.
- f. Adhesión á rede Cidades Amigables coas Persoas Miores. Un proxecto promovido pola OMS no ano 2010, como resposta ao rápido envellecemento da poboación e co obxectivo de conectar cidades, comunidade e organizacións en todo o mundo coa visión común de facer do seu entorno un lugar mellorar onde envellecer dignamente.

Abandona a sesión a concelleira Rosa Ana García Figueira as 20:50 h.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 11 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

6 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG APOIO Á ILP SOBRE MEDIDAS URXENTE PARA RECUPERAR E FORTALECER A ATENCIÓN PRIMARIA

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á

consideración do Pleno a Proposta relativa a MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: RELATIVA Á LOITAR CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Resulta evidente que Galiza padece a día de hoxe un acelerado deterioro da súa sanidade pública. Un deterioro que ten a súa orixe en 14 anos de recortes e privatizacións por parte da Xunta de Galiza. De feito, só en atención primaria, o orzamento reduciuse unha media de 200 millóns anuais, se tomamos como ano de referencia o 2009.

A política sistemática de recortes en atención primaria ten consecuencias que afectan á saúde das persoas: listas de espera de até quince días para poder ter unha cita presencial nos centros de saúde, PACs sen persoal médico, miles de miles de crianzas sen persoal de pediatría asignado ou que as persoas doentes teñan que soportar urxencias hospitalarias saturadas con horas de espera para recibir atención médica.

A Xunta destina un 14% do gasto sanitario a atención primaria, moi lonxe do 25% que recomenda a Organización Mundial da Saúde. Estas cifras fan que Galiza sexa das últimas do Estado en gasto en atención primaria.

Esta situación provoca unha evidente preocupación na sociedade, que se traduciu en masivas mobilizacións cidadás, a última este 12 de febreiro en Santiago de Compostela foi a maior rexistrada en Galiza nos últimos 20 anos. Estas mobilizacións deixan patente que a Xunta ten que mudar a súa política sanitaria e que é preciso apostar pola atención primaria, verdadeiro corazón do sistema sanitario.

A indignación cidadá manifestouse tamén na ILP de medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria, promovida pola plataforma SOS Sanidade Pública e rexistrada o pasado 7 de febreiro no Parlamento galego, con máis de 50.000 sinaturas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a **adopción dos seguintes**

ACORDOS:

1. Instar ao Parlamento galego a tramitar con celeridade a ILP de medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria e aprobala por unanimidade.
2. Dar traslado do presente acordo aos grupos parlamentares e á Mesa do Parlamento

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 11 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

7 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG IMPULSO DE MEDIDAS ENCAMIÑADAS A BLINDAR, GARANTIR E DEFENDER OS DEREITOS DAS MULLERES ASÍ COMO PROMOVER A IGUALDADE REAL ENTRE MULLERES E HOMES EN GALICIA

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG IMPULSO DE MEDIDAS ENCAMIÑADAS A BLINDAR, GARANTIR E DEFENDER OS DEREITOS DAS MULLERES ASÍ COMO PROMOVER A IGUALDADE REAL ENTRE MULLERES E HOMES EN GALICIA sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de marzo é, desde hai máis de cen anos, unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Máis aínda, nos últimos anos, a forza do feminismo galego conseguiu desenvolver mobilizacións absolutamente históricas nas que o noso país amosou o seu compromiso coa construción dunha sociedade máis xusta.

Avanzamos grazas ao inconformismo e á convicción de milleiros de mulleres e de asociacións e grupos de mulleres que contribuíron a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico e que defenderon co seu esforzo e mesmo coas súas vidas a conquista de novos dereitos. Mais sabemos tamén que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer.

Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder. O cuestionamento da existencia da violencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, o cuestionamento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou o intento

de normalizar que sexan os nosos lombos os que soportan a degradación dos servizos públicos son perigos vixentes.

Neste senso, malia os dereitos conseguidos nas últimas décadas –grazas á loita feminista– é preciso seguir impulsado medidas encamiñadas a garantir o cumprimento dos dereitos e obrigas recoñecidos a día de hoxe na lexislación vixente; impulsar novas políticas e seguir a traballar de maneira transversal en todos os ámbitos para conseguir novos dereitos e impedir calquera retroceso nos xa recoñecidos.

A desigualdade entre mulleres e homes é problema estrutural que esixe unha resposta social forte. Por iso, é necesario neste 8 de marzo recoñecer os dereitos conquistados, recoñecer a fortaleza do feminismo galego e apoiar as súas mobilizacións publicamente. Así mesmo, esta situación esixe tamén medidas concretas e específicas, deseñadas con perspectiva de xénero.

Para o Concello de Rianxo promover a igualdade entre homes e mulleres debe fomentar a mudanza de valores, rachando co modelo actual de socialización sexista, promovendo novas formas de ser mulleres e homes e avanzando nun modelo de relacións simétricas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.A Corporación do Concello de Rianxo mostra o seu apoio ás distintas mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.

2. Instar á Xunta de Galiza a:

1. Creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade e promover a sensibilización da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.

2. Creación da Unidade de saúde integral das mulleres, que planifique, coordine e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Así mesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantirá a abordaxe de xénero na atención sanitaria.

3. Creación da Valedoría das Mulleres con capacidade para sancionar administrativamente ás

empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero

4. Estender o protocolo do Partido Xudicial de Santiago de Compostela encamiñado a impedir a re-vitimización das mulleres vítimas de violencia sexual durante o proceso xudicial.

5. Elaborar un Plan de extensión dos servizos públicos en materia de coidados incrementando o número de prazas públicas de escolas infantís, centros de día e de discapacidade co obxectivo de garantir a co-responsabilidade social.

Ábrese unha quenda de debate :

O grupo municipal do Psoe propón introducir unha emenda adición dun punto 3 e un punto 7 co seguinte contido :

3.- Recuperar e actualizar o Plan de Atención Integral á Saúde da Muller de Galicia realizado no ano 2007 polo goberno presidido por Emilio Pérez Touriño e impulsar unha guía de actuación onde se recollan todos os aspectos que nos leven a un cambio efectivo de paradigma biomédico , que a día de hoxe é androcéntrico e patriarcal.

7.- Estudar os mecanismos para convalidar un acordo cos organismos xudiciais para impulsar un Protocolo de actuación sobre delitos sexuais para todo o ámbito xudicial de Galicia, dotando posteriormente a todos os actores implicados na súa aplicación dos medios necesarios para poder implementalo

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 11 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta coa seguinte emenda:

1. A Corporación do Concello de Rianxo mostra o seu apoio ás distintas mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.

2. Instar á Xunta de Galiza a:

1. Creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade e promover a sensibilización

da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.

2. Creación da Unidade de saúde integral das mulleres, que planifique, coordine e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Así mesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantirá a abordaxe de xénero na atención sanitaria.

3.- Recuperar e actualizar o Plan de Atención Integral á Saude da Muller de Galicia realizado no ano 2007 polo goberno presidido por Emilio Pérez Touriño e impulsar unha guía de actuación onde se recollan todos os aspectos que nos leven a un cambio efectivo de paradigma biomédico, que a día de hoxe é androcéntrico e patriarcal.

4. Creación da Valedoría das Mulleres con capacidade para sancionar administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero

5. Estender o protocolo do Partido Xudicial de Santiago de Compostela encamiñado a impedir a re-vitimización das mulleres vítimas de violencia sexual durante o proceso xudicial.

6. Elaborar un Plan de extensión dos servizos públicos en materia de coidados incrementando o número de prazas públicas de escolas infantís, centros de día e de discapacidade co obxectivo de garantir a co-responsabilidade social.

7.- Estudar os mecanismos para convalidar un acordo cos organismos xudiciais para impulsar un Protocolo de actuación sobre delitos sexuais para todo o ámbito xudicial de Galicia, dotando posteriormente a todos os actores implicados na súa aplicación dos medios necesarios para poder implementalo

PARTE CONTROL

8 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/01/2023 ata o 31/01/2023, que comprenden os números 01/2023 ao 93/2023, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 1 da Sesión extraordinaria do día 04/01/2023
- Acta nº 2 da Sesión ordinaria do día 19/01/2023

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

9 DACIÓN DE CONTA DA FORMALIZACIÓN DA CESIÓN GRATUÍTA DUNHA PARCELA DO PARQUE EMPRESARIAL DE RIANXO A FAVOR DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

A Presidencia informa as persoas asistentes do expediente nº 2022/X999/000081, que consta na plataforma TEdec, correspondente a cesión gratuíta de unha parcela á Consellería de Medio Rural para a instalación dos servizos de prevención e extinción de Incendios Forestais, dando conta da formalización de dita cesión:

DOCUMENTO ADMINISTRATIVO DE FORMALIZACIÓN DA CESIÓN GRATUÍTA DUNHA PARCELA DO PARQUE EMPRESARIAL DE RIANXO A FAVOR DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital:

- Don Adolfo Francisco Muíños Sánchez, Alcalde-Presidente do Concello de Rianxo,
- Don Jorge Atán Castro, secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública,

COMPARECEN:

O primeiro, en representación do Concello de Rianxo (CIF P1507300J) consonte ao artigo 21.1.b da Lei de bases de réxime local, nomeado en sesión pública de data 15/06/2019.

O segundo, en representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (NIF S1511001H), unha vez que foi nomeado por Decreto 33/2021, do 25 de febreiro (DOG nº 39, do 26 de febreiro do 2021), conforme ás facultades para a sinatura outorgadas no artigo 48.3 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

EXPOÑEN:

I.- O Concello de Rianxo é propietario do seguinte inmovible:

Urbana. Parcela de terreo cunha superficie de 6.045 m², identificada como E2 no plano das fincas resultantes do proxecto de equidistribución do Parque Empresarial de Rianxo. Lindes: norte, viario; sur, zona espazos libres 4; leste, límite do polígono; e oeste, zona espazos libres 4. Terreo destinado a equipamentos, de uso e dominio públicos. Parcela coas condicións de uso definidas na Ordenanza E: Equipamentos do Proxecto Sectorial de Rianxo, aprobado definitivamente na data 22/11/2002 (DOG 25/01/2008). Referencia catastral: 5943803NH1254S0000MJ

Inscrita a favor do Concello de Rianxo no Rexistro da Propiedade de Padrón como finca nº 17.351 de Rianxo, ao tomo 885, libro 130, folio 57.

SITUACIÓN POSESORIA.- Manifesta a parte transmitinte que o inmovible se atopa libre de arrendatarios ou terceiros ocupantes.

II.- O Concello de Rianxo, titular da parcela con referencia catastral 5943803NH1254S0000MJ, situada no parque empresarial de Rianxo, acordou na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 30 de xuño de 2022, aprobar o expediente de cesión gratuíta deste inmovible a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, para a dotación dunha Base Integral de Unidades Operativas (BUO) e Medios Aéreos.

III.- A Consellería de Facenda e Administración Pública, a través da Orde do 26 de outubro de 2022 adoptou o acordo de aceptación da cesión a título gratuíto realizada polo Concello de Rianxo a favor da Administración autonómica do inmovible descrito.

IV.- Tendo en conta o anterior, ambas partes,

OUTORGAN

I.- A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, representada neste acto polo secretario xeral técnico e do Patrimonio, acepta a cesión a título gratuíto polo Concello de Rianxo, aquí representado polo seu Alcalde-Presidente, nos termos adoptados no acordo de cesión.

II.- O inmovible destinarase á dotación dunha Base de Unidades Operativas (BUO) e Medios Aéreos.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

PROPOSTAS FORA DA ORDE DO DÍA

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: MELLORA DA AULA DE ESTUDO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: MELLORA DA AULA DE ESTUDO sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rianxo en Común presentouse ás pasadas elección municipais cun programa de goberno composto por 101 medidas as cales, en boa medida, se canalizaron en forma de mocións elevadas ao Pleno da Corporación ao longo destes últimos catro anos. Unha desas medidas foi a creación dunha aula de estudo autoxestionado no noso municipio, un espazo moi demandado polo estudantado rianxeiro no que poder traballar dun xeito cómodo e cunhas instalacións apropiadas a tal fin.

Se ben se tardou en materializar a proposta máis do que nos gustaría, o certo é que, como saben, fai aproximadamente 5 meses se habilitou de xeito provisional no primeiro andar da Aula Activa do Mar ese espazo de estudo cunha capacidade para 15 persoas. Estableceuse un control de acceso a través dun sistema de tarxetas que puideron ser adquiridas polas persoas interesadas.

O tempo veu a demostrar que o dito sistema necesita dunha mellora dado que no día a día a aula de estudo ten case dous terzos da súa capacidade baleiros mentres que, ao se esgotaren as tarxetas de acceso, moitos e moitas estudantes que non chegaron a conseguir unha seguen desprazándose a concellos próximos, nomeadamente ao municipio de Boiro, para poder usar as instalacións que alí teñen.

Tendo en conta que o período de validez das tarxetas está a piques de rematar, pensamos que se debe implementar un novo sistema de acceso que permita ao mesmo tempo o control do aforo e das persoas que fan uso das instalacións, e que permita ao mesmo tempo que sempre que haxa espazo baleiro se poida acceder. Neste senso, parécenos unha solución apropiada dotarnos dunha APP que lle permita as persoas usuarias reservar o uso da instalación cando haxa espazo dispoñible e que xere unha código por cada reserva que permita a súa identificación e a través do cal poida acceder as instalacións.

Este sistema, ademais, podería ser facilmente exportable a outras instalacións municipais como os pavillóns polideportivos ou os centros culturais.

1. Estudar a adopción de melloras no control de acceso á aula de estudo coa finalidade de permitir que cando hai espazo libre poida entrar calquera usuario ou usuaria que o necesite.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 11 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

PROPOSTA DE ALCALDÍA: ADHESIÓN Á REDE ESPAÑOLA DE CIUDADES SAUDABLES (RECS)

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a ADHESIÓN Á REDE ESPAÑOLA DE CIUDADES SAUDABLES (RECS) sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Rede Española de Ciudades Saudables (RECS) é unha agrupación de cidades que se unen ao abeiro dos principios e actividades acordados co programa "Cidades Saudables (Healthy Cities)" da Organización Mundial da Saúde. Teñen como fin crear as condicións precisas e os mecanismos apropiados para lograr unha forma estable de colaboración en actividades encamiñadas a fomentar e conseguir cidades máis saudables.

Unha cidade saudable é aquela cuxo goberno se compromete a poñer a saúde nun lugar destacado da súa axenda social, económica e política. En consecuencia, trátase de promover a utilización dun enfoque humano no desenvolvemento social, ao priorizar o investimento nas persoas para mellorar a equidade e a inclusión mediante un maior empoderamento da cidadanía.

É a vontade do Concello de Rianxo solicitar formalmente a adhesión a esta Rede Española de

Cidades Saudables perseguindo a promoción e protección da saúde e o benestar dos cidadáns, en concordancia cos principios de actuación correspondentes ao proxecto “Healthy Cities” da Organización Mundial da Saúde. A grandes liñas, os obxectivos desta Sección da FEMP céntranse en:

- Asegurar o mantemento dos contactos interinstitucionais para a consolidación das relacións intersectoriais, necesarias no ámbito da promoción e protección da saúde. •

Fomentar a colaboración e a acción conxunta das cidades participantes en materia de promoción e protección da saúde.

- Axudar ás cidades participantes a desenvolver modelos operativos de promoción e protección da saúde na comunidade, que poidan servir como modelos de boa praxe no concernente á promoción e protección da saúde no contexto urbano, en concreto o diagnóstico e os plans de saúde.

É por todo iso que a Alcaldía do Concello de Rianxo presenta, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO

1º.- O Pleno da Corporación aproba a adhesión de (nomee a Entidade Local) á Rede Española de Cidades Saudables e de cumprir os seus fins estatutarios e, en consecuencia, comprométese a:

- a. Ter elaborado unha análise de situación e un plan de saúde para a cidade ou o compromiso de elaboralo.
- b. Cumprir coas obrigacións e exercer os dereitos establecidos nos artigos 8, 14 e 15 das Normas de Funcionamento e Organización da Rede Española de Cidades Saudables e, especialmente, a de abonar á FEMP a cota de socio titular da Rede que cada ano corresponda a esta Entidade Local, en función do número dos seus habitantes, e que no presente exercicio ascende a 500 euros.

2º.- Que polo Alcalde-Presidente se realicen todos os trámites oportunos para que a adhesión do Concello de Rianxo á Rede Española de Cidades Saudables sexa efectiva.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 11 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO OUTUBRO 2022. DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE POUSADA NO CONCELLO DE RIANXO - FASE I

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO OUTUBRO 2022. DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE POUSADA NO CONCELLO DE RIANXO - FASE I sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente para presentar ante a Deputación da Coruña na plataforma SUBtel.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 11 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

En sesión plenaria do 13 de decembro de 2018 adoptouse o acordo relativo ao Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal. Plan Único de Concellos – POS + 2019, en dito acordo aprobouse o Plan complementario do ano 2019

Con data 30 de marzo de 2019 recíbese Circular a Deputación da Coruña sobre a elaboración do POS+ADICIONAL 1/2019 por maior achega da Deputación.

Vista a Resolución da Alcaldía nº 45/2019 de data 15 de maio de 2019 acordando:

.../...

PRIMEIRO

Participar na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptaron na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2019, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
<i>DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE BURÉS, NO CONCELLO DE RIANXO - FASE 1</i>	115.138,95		115.138,95
<i>DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE POUSADA, NO CONCELLO DE RIANXO FASE 1</i>	222.357,39		222.357,39
TOTAL	337.496,34		337.496,34

.../...

Visto o requirimento do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial da Coruña de data 26/10/2022, solicitando unha serie de documentación, e que foi remitida a dita entidade a través da plataforma SUBTEL.

Atendendo ao exposto, e á documentación que consta no expediente, considerando que os cambios introducidos obedecen á necesidade de axustarse aos condicionados impostos polo órgano sectorial autorizante así como aos requirimentos efectuados polo ente provincial, coa presente, propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Aprobar o **PROXECTO MODIFICADO OUTUBRO 2022 DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE POUSADA NO CONCELLO DE RIANXO - FASE I**, con orzamento de 222.357,39€ IVE engadido, asinado polo arquitecto Juan Carlos Bastos González,, que foi supervisado favorablemente polos servizos técnicos da Deputación da Coruña.

SEGUNDO

Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña elevando a correspondente certificación á plataforma SUBTEL

Nembragantes o Pleno acordará o que estime oportuno.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 11 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

10 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2023/G010/000003 e identificado pola pegada dixital:

51854c4ffaff65b10cc70de16bb4f4a61abb5061ac61a38acc72b1ee495c0c04

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=zvOTwUmP18k>